

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE XULLO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 9 de xullo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. María Dolores Sotelo Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a, 4b, 5, 6, 7, 9a, 9b, 9c, 10a, 10b, 10c, 11b, 11c, 11e e 13) e suplente da xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético (asiste aos puntos 2c e 4c)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos puntos 8a, 9d e 10d)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios (asiste aos puntos 8b, 9e e 10e)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)
D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 11d)

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 1 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
4. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
6. NAROM, S.L.
7. ORECO, S.A.U.
8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
 2. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 4. NAROM, S.L.
 5. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
 6. ORECO, S.A.U.
 7. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

c) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) (Emenda da documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 1 de xullo de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS para que puidese emendar a documentación persoal. O anterior licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 2 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Concretamente, a solvencia técnica declarada polos membros da UTE é inferior ao importe esixido no apartado 5B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ("*Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior ao prezo do contrato*", sendo o prezo do contrato 2.551.133,15 euros).

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 3 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vertical o 30 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 30 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miño" (856-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 1 de xullo de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	174.698,48 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	189.468,43 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	169.775,15 €
4	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	178.177,34 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	179.394,91 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	211.407,84 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 4 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
7	NAROM, S.L.	185.066,94 €
8	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	172.928,80 €
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	167.846,66 €
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	172.724,60 €

Asisten á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI ****.*07.82***, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN e D^a. Paula Souto García, con DNI ****.*04.04***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	71.195,14 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	79.333,82 €
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	71.390,00 €
4	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	72.698,80 €
5	NAROM, S.L.	71.284,04 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI ****.*07.82***, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoca" (856-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.253.440,00 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	1.252.000,02 €
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.268.320,00 €
4	ORECO, S.A.U.	1.405.120,00 €
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.235.360,00 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.239.680,01 €



	Licitador	Redución do prezo
7	UTE SERANCO, S.A. - ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	1.230.240,03
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.231.840,00

Asisten á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI **.07.82*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN e D^a. Paula Souto García, con DNI **.04.04*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 1 de xullo de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 25 de xuño de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AURORA, PILAR Y ANA, S.L. Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 1 de xullo de 2021 o técnico de Actividades Culturais e Educativas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "*considérase viable a oferta económica presentada polo licitador Aurora, Pilar y Ana SL para a xestión da Escola infantil municipal "Bembrive"*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 6 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lote 2)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 17 de xuño de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TALLERES SERCOIN, S.L. (lote 2).

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 28 de xuño de 2021 o xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "Este servizo entende que este escrito non recolle o establecido no artigo 149.4 da LCAP, polo que non se consideran xustificadas con rigor os traballos a realizar nin os custos das pezas a substituír, encontrándonos con accións a realizar sobre unidades de salvamento en altura onde ten que prevalecer a seguridade dos bombeiros así como a propia dos cidadáns".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión do lote 2 deste procedemento de TALLERES SERCOIN, S.L., por entender que a súa oferta no pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 1 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 1 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 7 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 1 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 1 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

e) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lote 2)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios o 28 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL S.L.	88,15
2	MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	87,94
3	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L.	87,06



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 8 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,88
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	80,12

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.9221.44), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL S.L.	89,89
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	85,79
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,28

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.9221.44), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 9 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)” (760-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,41
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,01
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	84,74
4	NAROM, S.L.	83,75
5	OCISAT, S.L.	61,72

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de xuño de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L.
2. PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 10 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de CONTRATACIÓN	CONCELLERÍA DE CONTRATACIÓN	CONCELLO DE VIGO	
--------------------------------	------------------------------------	-------------------------	--

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	93,13
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,50
3	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	83,61
4	FUNDACIÓN ESTUDOS E ANÁLISES	78,11
5	KOALA, S.A.	70,91
6	EULEN, S.A.	58,04

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

e) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lote 2)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a TALLERES SERCOIN, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 28 de xuño de 2021 polo xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 2 deste procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación que deseguido se relaciona por ter presentado xa o licitador documentación para os lotes 1 e 3 (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 11 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
 - A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.B e na cláusula 9 das FEC.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do migración da plataforma de Xestión da PassVigo e definición de novos verticais

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 29/01/2021 e cò conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 29/01/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 31/03/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 12 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Memoria xustificativa do contrato de data 31/03/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 31/03/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/04/2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 247.395,60 €, que inclúe un IVE de 42.936,43 €, dende o 1 de Xullo de 2021, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2021	OT2. LA3 CARTON IDENTIDADE CIDADÄ, INMATERIAL	9207.6400004	82,644.63 €	17.355,37 €	100,000.00 €
2022	OT2. LA3 CARTON IDENTIDADE CIDADÄ, INMATERIAL	9207.6400004	121.814,54 €	25.581,06 €	147,395.60 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. (A-78.053.147), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 13 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U., o día 18 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. para que puidese emendar o aval bancario presentado por conter un erro pois falta un número no CIF da mercantil. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 10 de xuño de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación de data 17 de xuño de 2021 polo que se outorga ao único licitador admitido a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 14 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. (A-78.053.147) o procedemento para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 232.864,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 40.414,50 euros.
- b) Propón unha porcentaxe do 15% de redución do prazo de execución das fases previstas na cláusula 9 do PPT.
- c) Propón un incremento do prazo de garantía de 2 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 15 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ESTRADA DO FREIXO – VALADARES”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 47.650,26 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.81 (“Human. Rúa do Freixo”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares” (715-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	94,28
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,38
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	93,08
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,95
5	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,32
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	85,22
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	84,79
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	61,57

Segundo- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-32.449.100), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 16 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o día 17 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 15 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 17 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte acordo:

"Adxudicar a COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-32.449.100) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441) por un prezo total de 208.424,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.172,92 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 18 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 130.042,69 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190089 "Humanización Rúa Colombia, 2a Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	749.293,61 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,19
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	95,32
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,89
4	UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S.L.	93,13
5	ORECO, S.A.U.	91,62
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,17
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	88,69
8	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	77,05
9	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	73,38

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 19 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 5 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 4 e 16 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 20 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441) por un prezo total de 586.921,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 101.862,44 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E O ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAL E INTERNACIONAIS

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Inversións en data 25.11.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contrata en data 04.03.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 21 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

un importe máximo de DOUSCENTOS SESENTA E UN MIL EUROS" (261.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 45.297,52 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.227.06.02 "Asistencias e traballos técnicos", de acordo coas seguintes anualidades:

2021	87,000.00 €
2022	87,000.00 €
2023	87,000.00 €
TOTAL	261,000.00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	90,40 puntos
2	INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L.	69,35 puntos
3	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	67,98 puntos
4	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	66,79 puntos
5	UTE EVERIS INGENIERÍA, S.L.U. - SERVICIOS INTEGRALES DE CONTRATACIÓN E INTERMEDIACIÓN DOMINUS, S.L.	62,82 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., o día 22 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 5 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 28 de maio e 16 de xuño de 2021,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 23 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada o 21 de xuño de 2021 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.*
2. *Adxudicar a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 261.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 45.297,52 euros, cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído) para cada un dos "niveis de execución" definidos no PPTP:*
 - > *Nivel de execución a.1: 32,80 €/hora*
 - > *Nivel de execución a.2: 35,12 €/hora*
 - > *Nivel de execución a.3: 38,59 €/hora*
 - > *Nivel de execución a.4: 39,43 €/hora*
 - b) *Propón un incremento da experiencia laboral do Director/a Proxectos con respecto ao mínimo esixido de 5 anos (total 11 anos).*
 - c) *O/a Director/a Proxectos ou o/a Consultor/a Senior teñen formación específica en xestión pública.*
 - d) *Comprométese á realización dunha acción formativa online dirixida o persoal técnico das distintas xefaturas de servizos municipais sobre o marco conceptual, principios, obxectivos e plans de implantación da AXENDA 2030 e AXENDA URBANA ESPAÑOLA.*
 - e) *Comprométese a achegar unha ferramenta online para resolver consultas e preguntas frecuentes.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 24 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en terceiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación infórmase que con data do 23 de xuño de 2021 se notificou a CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U. a resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación de data de clasificación e o requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 7 de xullo de 2021, o licitador presentou documentación.

A Mesa comproba que a solvencia técnica e profesional acreditada é insuficiente tendo en conta a solvencia requirida no apartado 5B do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.4.4º deste PCAP do prego de cláusulas administrativas particulares ("▶[...]Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato; ou ▶ Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B"), que o licitador non está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo e que non presentou a garantía definitiva.

En base ao anterior, acórdase, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada:

- A solvencia técnica resulta insuficiente atendendo ao requirido no apartado 5B do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.4.4º do prego de cláusulas administrativas particulares. Entenderase que o licitador posúe solvencia técnica se nalgún dos 5 últimos anos executou obras por importe igual ou superior a 426.116,78 euros e se estas son do mesmo grupo e subgrupo que o correspondente a este contrato: Grupo I subgrupo 9, categoría 3 (artigo 88.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público) e
- Deberá presentar documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.
- Deberá presentar a documentación acreditativa de ter constituído, no seu caso, a garantía definitiva esixida, sempre que se tivese constituído dentro do prazo outorgado para a presentación da documentación relacionada no artigo 150.2 LCSP que remataba o 7 de xullo de 2021 (entre outras, resolución nº 747/2018 e do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, do 31 de xullo e resolución nº 304/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, do 13 de novembro de 2020). Non se admitirá a constitución da garantía con posterioridade á citada data.

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 25 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto aberto, do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 8 de xuño de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 5 de xullo.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 7 de xullo de 2021, non se presentou ningunha proposición para este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 5 de xullo de 2021, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 26 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do proxecto de "Protección, iluminación ornamental e cubrición do tranvía, da praza do Emigrante" (873-441) por non terse presentado ningunha proposición".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:35	Páxina 27 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4D-C9D729-3H4B39-4GA99B-MBW5SL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		